

**Asistentes:**

***Equipo decanal***

Alonso Bacigalupe, Luis  
Anaya Revuelta, Inmaculada  
Cruces Colado, Susana  
Del Pozo Triviño, Maribel  
Figueroa Dorrego, Jorge Juan  
González Álvarez, M<sup>a</sup> Dolores

***Sector (A) Profesorado***

Agustín Guijarro, Javier de  
Álvarez Lugrís, Alberto  
Angueira Viturro, Anxo  
Báez Montero, Inmaculada C.  
Baxter, Robert Neal  
Becerra Suárez, Ma Carmen  
Bermúdez Montes, M<sup>a</sup> Teresa  
Bringas López, Ana  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> del Carmen  
Candelas Colodrón, Manuel A.  
Cortés Gabaudán, Helena  
Corvo Sánchez, M<sup>a</sup>. José  
Costas González, Xosé Henrique  
Domínguez Castro, Luís  
Fariña Busto, M<sup>a</sup> Jesús  
Fernández Álvarez, M. Santiago  
Fernández Ocampo, Anxo  
Fernández Rodríguez, Áurea  
Fernández Salgado, Xosé A.  
García-Miguel Gallego, José M<sup>a</sup>.  
García González, Marta  
Garrido Rodríguez, Carlos  
Gómez Clemente, Xosé M<sup>a</sup>  
González Maestro, Jesús  
Ledo Lemos, Francisco José  
Lorenzo García, M<sup>a</sup> Lourdes  
Luna Alonso, Ana  
Luna Sellés, Carmen  
Martín Lucas, Belén  
Martínez Ínsua, Ana Elina  
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia  
Montero Domínguez, Xoán  
Montero Küpper, Silvia  
Montero Reguera, José Francisco  
Navaza Blanco, Gonzalo  
Pereira Rodríguez, Ana M<sup>a</sup>  
Pérez Guerra, Javier  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Ramallo Fernández, Fernando  
Ribao Pereira, Montserrat

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se celebrou o día 12 de marzo de 2019, martes, as 11 h en primeira convocatoria, e as 11.30 h en segunda convocatoria no Salón de Actos.**

Ábrese a sesión ás 11.39 h

**ORDE DO DÍA**

**1- Aprobación da acta da sesión anterior (22-2-19)**

Unha vez feitas as correccións sobre presencias e ausencias, e un erro sinalado, apróbanse por asentimento.

**2. Informe do decano**

**GCLEL:** Houbo reunións con direccións de departamento, e con estas e o reitor, e tamén a Comisión Permanente, e nos departamentos. Polo de agora hai tres propostas (en anexo), porque na Xunta de Galicia non aceptan unha sinxela modificación do GCLEL. O que pretendemos é que se fagan as preguntas pertinentes cando veña o reitor. Hai moitos intereses en xogo, pero hai que pensar en termos de facultade. Ábrese unha rolda de intervencións.

Quer dar os parabéns a Nuria Yáñez pola súa titularidade de universidade.

**PDA:** Actívanse dúas materias de portugués para o GLE; conceden dous grupos prácticos de 26 h para o GLE e un grupo máis de ferramentas (informática) para o GTI  
Santiago tamén solicitou o mestrado ELE. A nosa solicitude irá co apoio do equipo de goberno.

**Combinación fr-gl do GTI:** Espérase que se manteña un ano máis. Van pedilo, pero existe a posibilidade de reducir o número de prazas (de 10 a 5).

A FFT acadou a acreditación institucional do ministerio por 5 anos. Esta chegou o 28 de febreiro deste ano.

Captación de alumnado: solicitáronse máis fondos para esta

Rifón Sánchez, Antonio  
Ripoll Delebourse, Virginia  
Rodríguez Barcia, Susana  
Rodríguez Guerra, Alexandre  
Rodríguez Rodríguez, Beatriz  
Rodríguez Vázquez, Rosalía  
Ruzicka Kenfel, Veljka  
Salceda Rodríguez, Hermes  
Seijas Montero, María  
Seoane Posse, Elena C.  
Solla González, Amparo  
Suárez Briones, Beatriz  
Sueiro Justel, Joaquín  
Valado Fernández, Liliana  
Veiga Díaz, M<sup>a</sup> Teresa  
Yuste Frías, José  
Yáñez Bouza, Nuria

**Sector (B) Profesorado**  
Ferreiro Vázquez, Óscar

**Sector (C) Alumnado**

Bello Davila, Cristina  
Carrillo Rodríguez, Lara  
Gamallo Valladares, Andrea  
Pereira Romasanta, Raquel  
Veiga López, Daniel

**Sector (D) PAS**

Otero Rey, María Belén  
Iglesias van der Woude, Miguel  
López González, Rosa María

**Desculpas e ausencias xustificadas**

Alonso Alonso, Rosa  
Baltrusch, Burghard  
Caneda Cabrera, M<sup>a</sup> Teresa  
Chas Aguión, Antonio  
Dasilva Fernández, Xosé Manuel  
Díaz Fouces, Óscar  
Galanes Santos, Iolanda  
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel  
Miquel Vergés, Joan  
Parada Diéguez, Arturo  
Quilis Sanz, M<sup>a</sup> José  
Rama Martínez, M<sup>a</sup> Esperanza  
Sánchez Trigo, M<sup>a</sup> Elena  
Soto Andión, Xosé  
Urdiales Shaw, Martín

**Ausencias sen xustificar**

Álvarez Suárez, Vera  
Arias Freixedo, Xosé Bieito  
Amosa Mendoza, Esther  
Andrés Iglesias, Jesús  
Buceta Bugallo, Fuensanta  
Diz Ferreira, Jorge  
Fernández Berciano, Enya  
Fernández Pena, Yolanda

actividade.

Debate sobre a modificación do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios: Comparecen o reitor, o vicerreitor de profesorado e o de planificación.

O reitor indica que desde a Xunta de Galicia ofreceron da posibilidade de manter un grao en Galego como estratéxico. Así perderíase a especialidade en español. Teñen xa o acordo do departamento de galego que aceptou non “coller a carta gañadora”. Habería que modificar o plano de estudos para facer o galego e o español máis visibles que na actualidade e cambiar o nome para que sexa máis transparente. Podería salvarse se tivese 90 créditos comúns co GLE. Sería a opción máis razoable e mantería 3 graos na facultade. Hai aínda outra opción, que é fundir todas as linguas nun tronco común. Está ademais baixando o número de matrículas. Sobre a opción de un grao interuniversitario, falou cos reitores de Coruña e Santiago. pero realmente non teñen ningunha necesidade de moverse. É unha solución pouco acaída e desexada polas outras dúas partes. A reitoría non quere perder as humanidades.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Joaquín Sueiro pregunta por que non se permite facer un plan de viabilidade e que se vote e se valore.

José Montero pregunta cales son os números que manexa a reitoría sobre o número de matrículas dada ano.

O reitor responde que en Galicia descenden aproximadamente 5% cada ano, polo que pecharon xa 8 graos. A primeira opción da Xunta era pechar directamente. Non vale cun novo plano de viabilidade.

José M<sup>a</sup> García-Miguel pregunta como se contarían eses 90 créditos e se habería diferenza práctica entre ter 2 ou 3 graos con mención. O reitor indica que estes serían comúns (a compartir) nos primeiros anos. O vicerreitor de planificación matiza que no imos ter máis alumnado. Unirse supón salvar aos dous graos.

Xosé M. Gómez Clemente pregunta como se valorou a proposta de modificación. E por que non foi aceptado na Xunta. O informe de reverificación de GLE ofrece resultados moi bos. A viabilidade non debería pasar por estropear o GLE.

O vicerreitor de profesorado responde que a Xunta aínda non ten coñecemento dese informe. Desde 2017, xa se pecharon 8 graos, e este prevén 12. A singularidade sería só para galego. Se non, habería que ter un tronco común e 50 matrículas en primeiro ano.

García Fonte, Nuria  
Gil Vicente, Alba  
Gómez Guinovart, Fco. Xavier  
Marcos Vázquez, Juan Antonio  
Nogueiras Justo, Francisco Manuel  
Pérez Álvarez, Raúl Manuel  
Peres Rodrigues, José Henrique  
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo  
Santos García, Mercedes  
Souto Rodal, Tania  
Torres Sotelo, Laura  
Vega Martínez, Lucía

Javier Pérez Guerra pregunta se compartirían a mesma estrutura de grupos teóricos e prácticos. O vicerreitor entende que unha materia de 9 créditos teña subgrupos.

Alexandre Rodríguez quere destacar a xenerosidade absoluta do departamento de Filoloxía Galega, Portuguesa e Latina para renunciar a un grao só en galego. Non pode ser que filoloxía galega sexa a única que realice un sacrificio. Pregunta se a universidade ten o galego como estratéxico, ao que o reitor responde que por suposto.

Aixa Villaverde, alumna de 1º de GCLEL indica que se trata dun grao único en Galicia e debería manterse. O problema non é o grao en si, senón a forma de promocionarse e pregunta onde queda o interese do alumnado. O reitor responde que a realidade é á que é neste momento.

Pepe Montero quere dar as grazas as direccións departamentais, especialmente á de galego. Indica que xuntos sumamos, e fai un chamamento ao uso da intelixencia.

Belén Martín pregunta con que áreas se reuniu para considerar o GLE é o mais axeitado para “fusionar” créditos e non por exemplo o GTI. Tamén por que se rexeitou o grao interuniversitario. Considera que as informacións chegan a posteriori e hai propostas novas cada semana.

O reitor contesta que se xuntou con direccións de departamento. Para o grao interuniversitario falou cos reitores, pero non parecen proclives ao mesmo polo que solución parece difícil aínda que se pode explorar a posibilidade.

Belén Matín pregunta se a plantilla aumentaría de fose preciso ao que o reitor responde que si.

O decano matiza que nunca dixo que se desbotase o GTI. En canto ao grao interuniversitario semella difícil porque non nos precisan para a súa viabilidade. O feedback é negativo. Tamén indica que a interlocución foi coas direccións do departamento ás que se considerou válidas. Logo pareceu axeitado integrar tamén ás coordinacións de grao.

Adriana Rivas, alumna do GCLEL opina que mesturar graos pode ter malas consecuencias no futuro. E os estudos perderían profundidade.

Gonzalo Navaza manifesta que estamos a falar da cuestión de que rendibilidade da universidade. Se asumimos esta ideoloxía, deixamos de lado a función da universidade e pregunta ao reitor cal

é a súa postura. Este responde que damos servizo á sociedade. Henrique Costas afirma que non hai que obviar que se pode retirou o adxectivo de galego do GCLEL e non se recoñece fora. Foi un erro.

Miguel Cuevas pregunta se deixarían ter dous graos se só temos agora un. O reitor pensa que non.

Lourdes Lorenzo defende a actuación do decano. Houbo reunións, documentos, etc. Estivo ademais tamén a coordinadora de GLE. Ana Bringas quere sinalar que está en contra da solución dos 90 créditos comúns para arranxar a o problema e recorda a situación do profesorado de Física en Ourense.

Péchase a rolda de intervencións e o reitor e os vicerreitores abandonan a sesión.

O decano indica que se convocara á comisión para seguir falando e decidir en Xunta de Facultade. Invitarase á coordinación do GLE, e de CCLEL.

### **3. Aprobación, se procede, da liquidación do orzamento do exercicio 2018**

Dos 158.047,92 € gastáronse 151.787,86 (92%) son sobre todo das partidas que non se poden mover.

Apróbase por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, do orzamento do exercicio 2019**

Redúcese en 13.000€ aproximadamente por mor da redución da capacidade docente na Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

### **5. Aprobación, se procede, dos informes de calidade.**

Informe de revisión dos sistema pola dirección- Informe de resultados anuais das titulacións de centro.

Agrade o traballo a vicedecana, Dolores González.

Dáselle a palabra a esta. Transmite o agradecemento a todas as coordinacións de títulos. Hai anexos que non figuran por unha cuestión de extensión e manexabilidade. Están para ser consultados. Hai erratas que foron corrixidas.

Ábrese unha breve rolda de intervencións

Apróbanse os informes por asentimento.

### **6. Rolda de intervencións**

Alexandre Rodríguez solicita que a facultade se manifeste en contra da eliminación do orzamento para a compra de libros, o

que é estratéxico para a FTT.

Lourdes Lorenzo solicita ao equipo decanal a caixa de correo para deixar documentos para a secretaría de alumnado

Nuria Yáñez pregunta cal é a data límite para a decisión sobre os graos se se pode adiar.

O decano responde que o 22 de marzo está prevista a reunión. Abrirase un prazo de propostas e só se enviarán para aprobación esas propostas. O que hai que decidir é a orientación a seguir, non só pode depender da decisión do que vai gañar e perder un departamento. O debate aínda está moi verde.

Miguel Cuevas pregunta se cos cambios dalgunhas materias estas poderían pasar a optativas? O decano responde que non se trata de ofrecer maior optatividade, senón de facer comúns.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.11 horas.

Vigo, 12 de marzo de 2019

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

Susana Cruces Colado  
segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do  
*Regulamento Interno da FTT*, 67 dos *Estatutos da Universidade de Vigo* e 26.3 e 27 da *Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

A Secretaria da Facultade

M<sup>a</sup> Susana Cruces Colado